



FAROS, DESDE CORCUBIÓN ATA A ILLA DE RÚA

Adela Leiro, Mon Daporta
agosto 2025



Distancia: 169 km + desvíos, viaxes en barco e camiñadas
Dificultade: baixa



Pasada a costa da Morte e Fisterra comezan unha serie de rías abrigadas que se alternan con pequenos espazos de costa rochosa exposta e numerosas illas. Nesta zona algúns faros están nas illas e so se poden visitar desprazándose en barco, xeralmente en viaxes organizados (Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia) e tamén é frecuente que estean a moita distancia un dos outros, o que dificulta organizar unha ruta para unha única xornada. Decidimos repartir o espazo en dous tramos onde damos algunhas referencias. Cada persoa debe valorar o seu programa, en función do tempo dispoñible e das paradas complementarias que se poden facer no camiño.

Nesta entrega facemos desde o faro do cabo de Cee, en Corcubión, ata o de Rúa, en Ribeira; o seo de Fisterra (co ría de Corcubión e Cee), a ría de Muros e Noia e parte da ría de Arousa.



Os faros son edificacións na costa para facilitar a navegación. Están dotados dun sistema de sinais visuais: pinturas seguindo uns códigos, para facelas visibles polo día, e luces para facelas visibles pola noite. Cada faro emite un sinal diferente formado por un número de destellos e ocultacións que permiten distinguilo de calquera outro da súa proximidade. Algúns, en casos de visibilidade dificultosa, emiten sons. Con carácter xeral chámanse faros a todas as estruturas de sinalización visual que emiten luz, aínda que os especialistas diferencian entre faros e farolas ou balizas.

Os **faros** son edificios de formas variadas e adoitan estar situados en puntos singulares da costa. O alcance da súa luz é moi elevado.

As **balizas** poden situarse en terra ou no mar, sobre boias. O seu alcance é menor que o dos faros e teñen formas e cores normalizados. Adoitan ir situadas en canles ou puntos de perigo en zonas de navegación. Marcan rutas seguras.

Aínda que na actualidade a navegación está controlada por sistemas electrónicos (GPS, RADAR) os faros seguen a ter importancia funcional, sobre todo pola noite, porque permiten verificar as posicións.

PERCORRIDO

1 Faro do Cabo de Cee (Corcubión). Accedese desde Corcubión (3,4 km). Desde aquí podemos ver os faros do **Carrumeiro** e das **Illas Lobeiras**.

2 Faro de Lariño (Carnota) (37,3 km). Na Punta Ínsua. O percorrido desde Corcubión é moi interesante: vilas de Corcubión e Carnota, hórreos de Carnota e Lira, numerosas praias, miradoiros, a ferverza de Ézaro, o LIC “Carnota-Monte Pindo”

3 Monte Louro (Muros) (6,5 km)

O Lic “Monte e Lagoa de Louro” é dun grande interese paisaxístico e ecolóxico.

4 Faro Rebordiño (Muros) 6,2 km.

Pasamos polas praias de san Francisco e podemos achegarnos a Muros.

6 Cabo Corrubedo (Ribeira) (69,4 km)

Pasamos polas vilas de Muros, Noia e Porto do Son (onde está o castro de Baroña).

7 Aguiño (Ribeira) (14, 2 km)

Pasamos pola vila de Aguiño, e inclúe o Parque Natural “Complexo Dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán”),” e o Parque Nacional Illas Atlánticas de Galiza” (Sálvora e outras)

8 Ribeira (5 km)

Pasamos pola vila de Ribeira e podemos ver a illa e o **faro de Rúa** desde distintos puntos da costa de Ribeira. Pódese visitar en barco desde distintos portos da ría.



Faro do Cabo de Cee (Corcubión)

Altura: 8 m sobre o terreo e

Alcance: 7 millas

Data de construción: 1860



Faro do Cabo de Cee con Fisterra ao fondo



Faro de Punta Ínsua (Lariño, Carnota)

Altura: 14 m sobre o terreo e 27 m sobre o nivel do mar

Alcance: 15 millas

Data de construción: 1921



Faro do Carrumeiro (Corcubión)

Altura: 6 m

Alcance: 6 millas


Data de construción: 1917

Faro das Illas Lobeiras (Corcubión)

Altura: 10 m sobre o terreo e 18 m sobre o nivel do mar

Alcance: 9 millas

Data de construción: 1919





Faro do Monte Louro (Muros)

Altura: 7 m sobre o terreo e 27,5 m sobre o nivel do mar

Alcance: 9 millas

Data de construción: 1862



Faro de Rebordiño (Punta do Cabo, Muros)

Altura: 8 m sobre o terreo e 18 m sobre o nivel do mar

Alcance: 7 millas

Data de construción: 1909



Faro de Corrubedo (Ribeira)

Altura: 14 m sobre o terreo e 32 m sobre o nivel do mar

Alcance: 15 millas

Data de construción: 1854



Faro de Pedra do Sargo (Ribeira)

Altura: 8 m sobre o terreo e 18 m sobre o nivel do mar

Alcance: 7 millas

Data de construción: 1909

Faro da Illa de Sálvora (Ribeira)

Altura: 16 m sobre o terreo e 40 m sobre o nivel do mar

Alcance: 21 millas

Data de construción: 1921



Faro da Illa de Rúa (Ribeira)

Altura: 14 m sobre o terreo e 26 m sobre o nivel do mar

Alcance: 13 millas

Data de construción: 1869